



#### 4.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE CASAS DE BAÑO, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS

##### *Artigo 1. Fundamento e réxime*

Este concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.4.o) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a taxa pola utilización de casas de baño, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 da Lei reguladora das facendas locais citada.

##### *Artigo 2. Feito imponible*

Constitúe o feito imponible deste tributo:

- a) O uso das piscinas municipais.
- b) O uso das pistas de tenis.
- c) O uso do frontón.
- d) O uso das demais pistas polideportivas.
- e) Casa de baños.
- f) Duchas.
- g) Outras instalacións análogas.

Así como a prestación dos servizos de que están dotadas as transcritas instalacións.

##### *Artigo 3. Dereito a percibir*

A obriga de contribuír nacerá desde que a utilización se inicie mediante a entrada ao recinto, tralo pagamento da taxa.

##### *Artigo 4. Suxeitos pasivos*

Están obrigados ao pagamento as persoas naturais usuarias das instalacións.

##### *Artigo 5. Base imponible e liquidable*

Tomarase como base do presente tributo o número de persoas que efectúa entrada, así como o número de horas ou fracción de utilización das pistas, frontóns e demais instalacións.

##### *Artigo 6. Cota tributaria.*

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

	Familiar (€)	Máis de 16 anos (€)	De 4 a 16 anos (€)
1- Piscinas:			



Por entrada persoal	-	2,50	1,50098
Por entrada persoal para posuidores do CIV	-	-	-
Ídem quincenal por persoa:	-	23,80	11,70
Ídem mensual:	-	34,60	17,60
Ídem mensual e familiar:	81,00	-	-
Ídem quincenal e familiar:	41,00	-	-
Ídem tempada familiar (3 meses):	198,70	-	-
Por curso mensual de natación (*)	-	38,90	38,90
(*) Para o curso de natación é necesario o pagamento do bono mensual			
2- Por utilización de pistas:		Máis de 16 anos	De 4 a 16 anos
Pistas de tenis, hora ou fracción:		2,90	2,60
Pistas de pádel		11€/90minutos	11€/90 minutos
3- Por utilización de pavillón e ximnasio:		Máis de 16 anos	De 4 a 16 anos
Pavillón cuberto, hora ou fracción:	-	14,05	5,95
Ximnasio, hora ou fracción:	-	1,77393	1,77393

#### 4.- Por utilización de instalacións deportivas Pena Cobertoira e Uceira:

	Sen utilizar Iluminación (€)	Utilizando iluminación (€)
Prezo por uso do campo de Pena Cobertoira	34,60	46,40
Prezo por partido fútbol 7 na Uceira	46,40	82,10
Prezo por partido fútbol 11 Uceira	70,20	116,60

#### 5.- Por escolas deportivas:

		CUOTAS								
		≥200% IPREM	de 151% hasta 199% IPREM	de 101% hasta 150% IPREM	de 76% hasta 100% IPREM	de 51% hasta 75% IPREM	hasta 50% IPREM	Familia numerosa	Familia numerosa cat especial	emergencia social
E.M. fútbol	Iniciación e prebenxamíns	152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	25 €
	Benxamis, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís	182,51 €	108 €	102,00 €	96 €	90 €	84 €	84 €	60 €	25 €
E.M. patinaxe		152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	30 €
E.M. ximnasia		152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	25 €
E.M. psicomotricidade		152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	25 €
E.M. tenis		152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	25 €
Outras escolas deportivas		152,03 €	90 €	85 €	80 €	75 €	70 €	70 €	50 €	25 €



Para os posuídores do Carné Individual de Voluntario (CIV):

ESCOLA

Categorías	Prezo
E.M. de fútbol:	
- Iniciación e prebenxamíns.....	121,67 €/ano
- Benxamíns, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís.....	152,03 €/ano
E.M. de patinaxe.....	121,67 €/ano
E.M. de ximnasia.....	121,67 €/ano
E.M. de psicomotricidade.....	121,67€/ano
E.M. de tenis.....	121,67 €/ano
Outras escolas deportivas.....	121,67 €/ano

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulta máis beneficiosa.

#### *Artigo 7. Determinación da unidade familiar*

En tódolos casos seguintes a unidade familiar acreditarase co certificado de convivencia:

1. Considérase que conforman a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.
- Familiares ou persoas que convivan no domicilio familiar

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai, todos os descendentes e familiares ou persoas que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.



5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

6. Nos supostos en que o causante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos puntos anteriores.

7. Para os menores que se encontren en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia, a solicitude deberá ser formulada polo director ou directora do centro de menores correspondente.

*Artigo 8. Documentación a achegar para acceder aos beneficios fiscais:*

En tódolos casos os criterios de capacidade económica dos/as obrigados/as, partírase dos seguintes presupostos:

1. Na valoración das solicitudes de bonificacións terase en conta a renda per cápita familiar e a situación existente no exercicio fiscal inmediatamente anterior, coa excepción dos supostos onde proceda o outorgamento dunha bonificación por familia numerosa, e nos casos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, supostos ambos nos que a súa acreditación na data da solicitude da bonificación será tida en conta soamente aos efectos do cómputo dos membros da unidade familiar.

2. A renda per cápita familiar englobará os ingresos netos anuais de todos os membros da unidade familiar, divididos polo número de membros computables do exercicio fiscal que proceda segundo o disposto no parágrafo anterior. É requisito obrigado presentar certificación da vida laboral de tódolos integrantes da unidade familiar en idade laboral.

As persoas que desexan acollerse ás exencións recollidas nos anteriores apartados deberán achegar xunto coa correspondente solicitude a documentación que a continuación se relaciona:

☞ Familia numerosa: Copia cotexada do libro de familia e título acreditativo de familia numerosa

☞ Unidades familiares cunha renda per cápita segundo os tramos establecidos en relación co IPREM:

- Certificación de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral.

Ademais, para a determinación destes ingresos seguirase as seguintes regras:

a) No caso de presentación da declaración do IRPF, determinarase pola agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro.

b) No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias



compulsadas das nóminas, do certificado de percibir prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos presentada por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais daqueles.

A declaración xurada, para que teña validez, deberá vir acompañada dun certificado da entidade bancaria no que confíen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente nos seis meses anteriores á petición de axuda, por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, así como, de ser o caso, unha declaración xurada dos bens inmobles urbanos e rústicos dos que sexan titulares, coa referencia catastral, ubicación e valor catastral; e declaración dos vehículos de tracción mecánica dos que sexan titulares e data de adquisición. A declaración de titularidade de bens inmobles e vehículos comprobarase cos datos obrantes nos Padróns Municipais, coa consecuencia de que calquera falsidade ou omisión de datos será causa de denegación da bonificación, aplicándose a tarifa base que corresponda ou, nos supostos de tarifas progresivas, a tarifa non bonificada máis alta.

Se pola valoración do saldo existente en contas, dos bens ou pola recente adquisición destes, se evidencian signos de capacidade económica suficiente da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos declarados, denegarase a bonificación e aplicarase a tarifa sen bonificar.

A non presentación da documentación vencellada a dita declaración xurada no prazo outorgado de subsanación, dará lugar a denegación da bonificación, aplicándose a tarifa base sen bonificar.

c) Nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, a renda procedente das pensións compensatorias establecidas nos convenios reguladores, agás denuncia do seu impago acreditada formalmente e vixente na data da solicitude, será tida en conta para a determinación da capacidade económica do solicitante. Dita renda incrementarase atendendo á variación interanual do IPC dende a data da sentenza ou formalización do convenio regulador.

d) Se nos supostos de separación e divorcio, os ex cónxuxes presentaran declaración conxunta no exercicio fiscal anterior, deberá achegarse certificación acreditativa dos datos fiscais individualizados da persoa solicitante, ou ben estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa, certificados de prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos do xeito previsto anteriormente.

☞ Resolución da axuda de emerxencia social para o caso de bonificación total ou informe de servizos sociais para o caso de bonificación do 75%.

☞ Circunstancias que acrediten atoparse nalgún dos supostos de familia de especial consideración, de acordo coa definición e requisitos establecidos na lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



3. Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de bonificación das taxas.

4. A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

5. Será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello. Para inadmitir a bonificación ou exención, a débeda deberá estar en vía executiva (unha vez ditada providencia de prema) e acreditarase pola oficina de recadación municipal. Nos supostos de solicitude de fraccionamento, adiamento ou suspensión da de débeda en vía executiva, a resolución estimatoria da solicitude permitirá a admisión de peticións de bonificacións ou exencións, se ben o incumprimento de calquera dos prazos ou fraccións outorgadas dará lugar á perda automática do beneficio fiscal.

6. O suxeito pasivo beneficiario de calquera exención ou bonificación tributaria deberá comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

7. Agás que a lei dispoña outra cousa, tales beneficios deberán instarse ó tempo de efectuar a declaración tributaria ou nos prazos establecidos na respectiva Ordenanza. Transcorridos ditos prazos, perderase o dereito a solicitar o beneficio fiscal para o exercicio correspondente.

*Artigo 9.- Revisión das bonificacións, aplicación das bonificacións e extensión dos seus efectos.*

9.1. Prazo de presentación de solicitude de bonificación.

A aplicación de exencións, bonificacións e reducións efectuarase a petición de parte, coa xustificación documental que proceda.

Establécese o prazo para presentar as solicitudes de bonificacións na taxa dende o 1 de maio ao 15 de maio do exercicio correspondente. Xunto con aquelas deberán aportar toda a documentación prevista no artigo anterior.

As solicitudes presentadas fóra deste prazo establecido non serán tidas en conta.

9.2. Revisión das bonificacións.

Unha vez recibidas as solicitudes coa documentación que teñan que aportar o Concello as valorará.

Requirirase aos solicitantes para que no prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, acheguen ao concello canta documentación consideren necesaria para a súa toma de consideración.



A autorización para obter os datos relativos á última declaración da renda habilita ao Concello a obtelos sen necesidade de presentación polo usuario do servizo.

O beneficio fiscal estenderase a outros programas/actividades dos servizos educativos e culturais dos que sexa usuario durante todo o exercicio e ata a seguinte revisión sempre que medie solicitude expresa en cada un dos programas/actividades.

*Artigo 10. Normas de xestión e forma de pagamento.*

1. A taxa por matrícula esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Cando se presente a solicitude de inscrición para calquera das Escolas Deportivas presentarase debidamente cuberto o impreso de autoliquidación das taxas.
3. O ingreso da taxa de matrícula nas Escolas Deportivas pódese facer en dous prazos segundo o seguinte calendario:
  - a) primeiro ingreso: ao formaliza-la matrícula e polo 60% do seu importe.
  - b) segundo ingreso: durante o mes de febreiro e polo 40% do seu importe.
4. O alumnado acollido ao sistema de matrícula fraccionada deberán de facer constar inescusablemente no impreso de autoliquidación, o número de conta corrente onde desecan que lle sexa cargado o recibo correspondente ao segundo prazo.

Terán a consideración de abonados das instalacións os que llo soliciten ao concello en instancia dirixida ó Sr. alcalde-presidente, facendo constar idade e domicilio, acompañando dúas fotografías, tamaño carné, por persoa. A calidade de abonado que será outorgada pola Alcaldía, unha vez comprobado que a solicitude reúne tódalas condicións esixidas e que existe número suficiente para a capacidade das instalacións, estendéndose neste caso o correspondente carné, dará dereito a utilización das instalacións polideportivas, aboando a súa cota mensual, trimestral ou anual.

Para os efectos de verificación dos datos da instancia, será necesaria a exhibición do Libro de familia e comprobación da preceptiva inclusión no Padrón municipal de habitantes, no caso de que o domicilio indicado sexa nesta localidade.

Os abonados deberán satisfacer as súas cotas como tales dentro dos primeiros cinco días hábiles de cada mes, trimestre ou ano, por adiantado.

A forma de pagamento das entradas á piscina municipal, aluguer de pistas e utilización do pavillón será mediante ingreso directo por recibo, correspondendo a recadación ao encargado da piscina ou do pavillón respectivamente para o cal o/a tesoureiro/a autorizará os cargos oportunos.



Os ingresos correspondentes ás matrículas dos cursos de natación e escolas deportivas faranse mediante autoliquidación ingresándose o seu importe nas dependencias de recadación.

*Artigo 11. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables*

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñece en xeral ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei. Excepcionalmente, terán exención nas escolas deportivas os usuarios con situación económica de necesidade, acreditada polos servizos sociais.

*Artigo 12. Infraccións e sancións tributarias.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

*Disposicións finais*

*Primeira.* O non previsto especificamente nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria, nos regulamentos de recadación e inspección e na demais normativa de aplicación.

*Segunda.* A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP, comenzando a rexer o 1 de xaneiro de 2017. Permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

---

**- Aprobación provisional:**

**-- sesión do Pleno: 29/09/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 230 do 05/10/2016**

**\* Diario "La Región" do 01/10/2016**

**- Aprobación definitiva:**

**-- modificación do artigo 6.5 (Cota tributaria. Por escolas deportivas) e da disposición final segunda.**

**-- sesión do Pleno: 01/12/2016**





CONCELLO  
**DO CARBALLIÑO**  
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1  
Télfno: 530007 - Fax: 530008  
32500 O Carballiño (Ourense)

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 283 do 12/12/2016**

**\* Diario "La Región" do 12/12/2016**

**-- entrada en vigor: 01/01/2017**